




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Cee. Parroquias: Santo Estevo de Lires. Extensión: 1,55km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

O relevo da unidade caracterízase por presentar cantís case verticais en toda a liña costeira, a excepción do tramo máis setentrional, onde a maior suavidade das vertentes permite a deposición sedimentaria e a formación de praias. Aos cortados costeiros séguenlle, cara ao interior, un primeiro chanzo de chaira, desde a que inmediatamente se ascende por medio de vertentes suaves, a cumes suaves, típicos dos macizos graníticos antigos moi erosionados.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade totalmente incluída no Dominio hercínico, aparecendo un granitoide migmático. O Cuaternario está representado, no Holoceno, por depósitos de cantos e areas mariñas, mentres depósitos de orixe antiga nas fronte acantiladas representan o Plistoceno.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Fachada acantilada incluída no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por riba de 15°C, precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm ao ano e oscilación térmica media anual de 12,5°C a 13,5°C.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos pouco evolucionados e de escasa profundidade en toda a vertente acantilada, destacando o tipo umbrisol dístrico, e nos sectores de maior pendente onde son máis frecuentes os procesos erosivos (fachada acantilada e partes altas da unidade) o leptosol lítico con afloramentos da rocha subxacente


#### AS AUGAS

A liña litoral en forma de cantís imposibilita a existencia de arrosos con carácter permanente na unidade, restrinxidos a pequenos leitos temporais que forman valgas aproveitando as liñas de debilidade do relevo cara ás Augas Costeiras situadas entre as praias de Nemiña e O Rostro (20139).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Case toda a unidade, exceptuando a vertente alta do sur pertence ao ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. O hábitat dominante na liña de costa é o 1230 de cantís mariños atlánticos, aínda que existen pequenos areas ao pé do cantil e varios coídos de importancia que acollen o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As vertentes están dominadas por extensións de matos costeiros: do tipo 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans; e, en valgas húmidas como as de Punta Besugueira e Coído de Ensarro, o 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Nas partes central e sur da unidade, as elevacións sobre o cantil presentan afloramentos graníticos que indican a existencia de ambientes propios do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica. No extremo norte existe un pequeno manto eólico de areas procedentes do Seo de Nemiña.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

En toda a fachada litoral predominan os cantís, estando na zona norte combinado con praias. Na primeira franxa; desde a cabeceira e cara ao interior dos cantís desenvólvense formacións vexetais costeiras. Nunha segunda liña, ao fondo dos cantís dominan claramente as masas de repoboación abríndose no medio desta cuberta forestal campos de cultivo de reducidas proporcións.

#### MORFOLOXÍA

Esta unidade está caracterizada por unha paisaxe natural inalterado sen a presenza de núcleos de poboación e de edificacións.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Componse dun bo número de camiños non asfaltados, que discorren ao longo da franxa litoral e da zona interior da unidade comunicando a ambas as dúas. Na zona norte existe unha pista paralela á costa que dá acceso rodado á praia de Area Grande, bifurcándose cara ás masas de repoboación.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Presenta patrimonio arqueolóxico constituído pola Mámoa do Monte Vela e a Mámoa do Couto.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Caracterízase por unha paisaxe pouco humanizada, constituída principalmente por vertentes acantiladas e unha pequena valga ao sur da unidade que desemboca en Punta Mixirica, indo desde o Monte do Couto ata o límite coa unidade contigua. Debido a que non existen asentamentos presenta un marcado carácter natural.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Na unidade aprécianse poucas variacións respecto a mediados de século, se acaso destacar o avance da superficie repoboada, ocupando terreos que antes estaban dedicados ao cultivo e que foron abandonados probablemente por ser os máis afastados do núcleo.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os cantís de Canosa e Lires responden á paisaxe virxe característica de Costa da Morte, paraxes de gran beleza que permiten gozar dunhas inmemorables vistas do océano rompendo nas vertentes acantiladas. A presente unidade é un Espazo de Interese Xeomorfolóxico e constitúe unha zona de transición entre dous complexos sedimentarios: O Rostro ao sur e o Seo de Nemiña ao norte. En liñas xerais a unidade está ben conservada destacando o seu valor ecolóxico recoñecido polas figuras de protección LIC e ZEPVN Costa da Morte que abarcan case toda a unidade, a excepción do monte situado na zona sueste da unidade e unha pequena franxa ocupada por masa forestal no noreste. Unha panorámica da unidade pódese obter desde o Pico da Vela. Pero tamén desde os camiños máis próximos ás vertentes acantiladas se consegue unha interesante visión da paisaxe.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



